



## PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DE GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PRIVADA DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ESCOLAR 2018/19 (PL500B)

### PROPOSTA PROVISIONAL DE RESOLUCIÓN

Pola Orde do 27 de decembro de 2018 da Consellería de Cultura e Turismo anúnciase a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2018/19 (PL500B) (DOG núm. 17, xoves 24 de xaneiro de 2019).

De acordo co disposto na base 13 da convocatoria, logo do informe elaborado pola Comisión Provincial de Cualificación, constituída no Gabinete de Normalización Lingüística de Pontevedra, segundo a base 9 da convocatoria, para a análise e cualificación dos proxectos, esta xefatura de gabinete formula unha proposta provisional de resolución de adjudicación na que consta a puntuación acadada por centro admitido (Anexo I), así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes (Anexo II).

Así mesmo, segundo o previsto na convocatoria, esta proposta farase pública na páxina web <http://www.lingua.gal> e os centros interesados disporán dun prazo de dez días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao da súa publicación, para formular as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a xefatura do Gabinete de Normalización Lingüística de Pontevedra. En todo caso, os centros que presenten alegacións enviarán un correo electrónico ao dito gabinete provincial ([sxpl.pontevedra@xunta.es](mailto:sxpl.pontevedra@xunta.es)), no cal indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

Pontevedra

A xefa do Gabinete de Normalización Lingüística de Pontevedra

